

## ÁREA RE-CREATIVA

### *LENDOIRO SERRANO, F.: Habelos, hainos...*

Dende moi cativo oín contar historias de meigas, trasnos, mouchos, da Santa Compañía e... moitas cousas máis. Tamén crin que todo aquilo que escoitaba eran experiencias reais vividas polo orador de veceira. Teño que recoñecer que, de sempre, lles tiven moito ríspeto. As miñas crenzas foron esas ata que cheguei ós 19 anos. Nesa idade decateime de que todo eran trapalladas. Que non eran mais que lendas ou contos de lareiras. A miúdo contadas polos avós ós netos, para pasar aqueles longos e fríos invernos dos de antes. Ou que eran historias de vellos, que diante dunha copa de viño, ou augardente, non tiñan outra cosa mellor que dicir, nas escuras e largas noites de tabernas. Que por no ter as comodidades audiovisuais de hoxe en día, inventábanas para mellor pasa-lo tempo.

Era así a miña maneira de pensar, razoar e crer, ata que una noite de verán, nunha desas tantas verbenas, que nos soe dar calquera concello da nosa terra. E despois de tomar una boa enchenta dun bo viño do Ribeiro coa tropa, encontreime fociño con fociño co que a toda a xente gustaríalle atoparse, pero cre que non existe.

Contareivos o que me aconteceu sen quitar e sen poñer nada. É cousa vosa o que pensades cando acabedes de ler esta historia.

Esperteime daquela borracheira deitado nunha toxeira, á beira dunha corredoira. Non me lembraba de coma fora dar alí co meu corpo. Do único que me lembraba era do viño que bebera, que fora bastante, (pero non máis ca outras veces). Pasado un pouco de tempo, comecei a lembrar de cando empezara a no ter control dos meus movementos, de cando as rapazas, e non tan rapazas, se rían das miñas manobras para soste-lo meu equilibrio e non caer de fociños nas lagoas de lama que tiña o chan da festa. Niso estaba, tratando de poñer as miñas ideas no seu lugar, cando, e sen saber de onde saíu, alí o vin. Non estaba seguro se aquilo que tiña diante dos meus ollos era un soño ou se era real.

Tratei de move-las mans para me esfregar os ollos, pero as pugas dos toxos do berce no que estaba deitado, craváronse por todo o meu corpo. Ante a dor que sentín, optei por quedarme inmóbil, cando de súpeto, observei que aquilo, o que estaba diante dos meus ollos, empezou a moverse compasadamente dun lado a outro coma unha bailarina na danza dos sete ventres, (pero esta danza era de sete ventres prominentes). Bailaba ao compás dunha música inaudible, ou eu non a escoitaba.

Aquelo que estaba diante dos meus ollos, tería..., calculo eu, uns 35 centímetros de altura, vestía vaqueiro de peto, de  $\frac{3}{4}$ , de color negro, botas negras de cana con volta á altura dos xeonllos, camisa branca de manga longa, un cinto con unha ancha fibela dourada, e na cabeza, un gran sombreiro de cor negra con una cinta vermella de adorno. Tiña unha longa barba moi espesa e murcha. O nariz era ancho e dunha suave cor rosada. Recordoume a unha desas figuras que soen saír nos libros de contos infantís.

Tiña ese homiño, no chan, ó seu carón, un pequeno cazolo de barro cheo de moedas de ouro. E a danza que estaba a facer era ao redor del. Moumeaba algo que eu non podía oír; era coma se falara con alguén.

Nun momento determinado detivo a danza. Mirou cara a la lúa. Meteu o dedo índice da man dereita na boca e mollouno de cuspe. Estivo así un anaco de tempo. Logo sacouno da boca, secouno cos beizos, axitouno levemente no aire, xirou uns 45° sobre si mesmo para a dereita. Camiñou once ou doce pasos. Sen deixar de moumeear detívose nun pequeno claro de lúa. Sinalouno co mesmo dedo que metera na boca. Fixo dous círculos no aire, e abriuse naquel sitio un pequeno burato no chan. E alí meteu a ola de barro. Acto seguido volveu a face-la operación co dedo á inversa e pechouse o burato da terra, deixando a ola enterrada. Mirou de novo a lúa, e dixo cunha voz clara e firme, para que eu o escoitara:

□ ¡Outro máis!"

E sen dar-me tempo a ver algo máis, fuxiu por entre a espesura. Que por certo, cando se achegaba a ela apartábase e íalle deixando paso, pechándose e volvendo ao seu sitio, logo de pasa-lo homiño.

Pasado un tempo e vendo que non pasaba nin oía nada, a duras penas, e como puiden, libreime do meu berce de toxos e fun ó claro de lúa onde estaba soterrada a ola. Tratei infructuosamente de abri-lo burato no mesmo sitio. Usei paos, pedras, usei todo aquilo que se achegaba ás miñas mans. Incluso rompín a navalla que me regalara o meu avó, cando a usei coma cicel. Pero foime imposible face-la máis leve riscadela na terra.

Entón ocorrúseme imitar ó homiño que vira intres antes. Púxenme diante do claro de lúa, alcei o meu brazo dereito e mirei para a lúa. Metín o meu dedo índice dereito na boca. Molleino de cuspe. Sinalei o lugar onde intres antes estivera o burato. Fixen dous círculos no aire. E cal no sería a miña sorpresa cando o pote coas moedas douradas apareceu diante dos meus ollos. O pote non era moito maior ca unha cunca de viño, se acaso, Pero estaba rechea de moedas a reverter, que relocían á luz da lúa. Axeonlleime e collina suavemente coas miñas mans. Alceina ata o meu peito e puiden contemplar de preto o meu tesouro.

Nese mesmo instante escoitei dicir á lúa:

□ ¡Sí, outro máis!"

Ó intre notei que a ola, coas moedas, facíase cada vez máis e máis grande. Deixou de medrar cando case non podía abarcala cos meus brazos e sostela en peso. As miñas ilusións ían crescendo ao mesmo tempo que ía medrando o tamaño da ola. Pero ao ter que pousala no chan, por mor do peso excesivo da mesma, dinme conta de que non era ela, a ola, a que crecera, senón que fora eu o que encollera, ata ter a mesma altura daquel homiño que fuxira pola ramalleira.

Tardei un bo anaco de tempo en dar-me conta da miña nova situación. Cando me vin reflexado nunha poza de

auga daquela fraga, foi cando entendín o que me acontecera.

Di a lenda que ó remate do arco iris, está soterrada unha ola con moedas de ouro. Aquela persoa que atope o lugar onde está agochada poderá levala.

Pero eu, por ser un fugallas, non esperei a que aparecera o día, co seu arco iris e así podela coller. Por iso, a lúa castigoume a ser trasno. ¿Por canto tempo? Aínda non cho sei. A lúa deume a roupa que levo posta e que está acorde a meu novo status. Coñecín a outros trasnos que me están a ensinar as normas deste castigo.

Non sei cando rematara o castigo que levo as costas. Preguntar non preguntei, e por se acaso, tampouco o farei, non vaia quere-lo demo que se me alongue un anaco máis este castigo. Polo de agora estou mentres tanto recrutando a persoas que sexan tan o máis fugallas ca min.

Escribo isto dende un lugar descoñecido, no medio dunha das tantas fragas das que dispón Galicia. Atopei unhas follas de papel en branco e uns lápices nunha mochila dalgún rapaz que a esqueceu cando veu a visita-la fraga. Deixarei esta nota escrita guindada nunha árbore preto do camiño. E se alguén a atopa, que a faga chegar a quen poida espallala polo mundo.

Podedes non crer nisto coma fixen eu. Pero acordádevos diso que din:

□;Habelos, hainos...!

[Texto da autoría de Francisco Lendoiro Serrano, de Oleiros (A Coruña)]

## COMENTARIOS ENVIADOS

E un artigo precioso, cheo de imaxinación é de encanto. Gustoume moitísimo. Un saúdo.

Carmiña Fernández

Enviado por Carmiña Fernández. 22/10/08 o 24/10/2008 ás 22:02:32